



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. AS INSUAS

15259 Camiño Real nº6- Muros

☎ 881 867208 ☎ Fax 881 867216

✉ ies.asinsuas.muros@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Estimados pais e nais:

Dende o IES As Insuas, achegamos unha serie de preguntas/respostas ante as dúbidas que supoñemos xurdiron en relación ao terceiro trimestre e final do curso escolar

1- Que probas ou traballos se lles vai pedir ao alumnado no terceiro trimestre?

O Traballo no terceiro trimestre estará enfocado principalmente ao repaso, reforzo e recuperación, tendo en conta a situación de cada alumno ou alumna co fin de non sobrecargalos de tarefas excesivas.

2- O traballo do terceiro trimestre vaise avaliar e ter en conta?

O traballo feito no terceiro trimestre non será avaliado do mesmo xeito que a avaliación presencial do primeiro e segundo trimestre. O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as materias non superadas (1º e 2º trimestre) ou mellorar a cualificación final dos que as aprobaron (ata un máximo de 1 punto).

3- Pódese promocionar/titular con materias suspensas?

Si, e a decisión vai a ser da Xunta Avaliadora. Esta decisión pódese adoptar en xuño ou en setembro, tomándose en consideración aos efectos do momento da toma de decisión, o que resulte máis conveniente para o alumno ou alumna, en relación ao mellor aproveitamento do curso ao que se incorpora.

4- Cando remata o curso escolar 2019-2020?

As actividades lectivas seguirán ata o venres 19 de xuño.

Esperamos que estades todos con boa saúde e para calquera dúbida podedes chamar ao centro en horario de 10:00 a 14:00.

Moito ánimo!!!



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. AS INSUAS

15259 Camiño Real nº6- Muros

☎ 881 867208 ☎ Fax 881 867216

✉ ies.asinsuas.muros@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"